

opusdei.org

# Persoas do Opus Dei

Dos 87.000 membros, o 98% son laicos, homes e mulleres, e a maioría, casados. O 2% restante son cregos.

30-05-2007

## LAICOS E CREGOS

O Opus Dei está constituído por un prelado, un presbiterio ou clero propio, e por laicos, tanto mulleres como homes. No Opus Dei non existen distintas categorías de membros. Existen simplemente modos diversos de vivir a mesma

vocación cristiá segundo as circunstancias persoais de cada un: solteiros ou casados, sans ou doentes, etc.

A maioría dos fieis do Opus Dei (actualmente, arredor do 70%) son os membros **supernumerarios**: trátase polo xeral de homes ou mulleres casados, para quen a santificación dos deberes familiares forma parte primordial da súa vida cristiá.

O resto dos fieis da prelatura son homes ou mulleres que se comprometen a vivir o celibato, por motivos apostólicos. Os **agregados** viven coas súas familias, ou onde lles resulte máis conveniente por razóns profesionais.

Os **numerarios** ordinariamente viven en centros do Opus Dei, porque as circunstancias permítenlles permanecer plenamente dispoñibles para atender os labores apostólicos e a formación dos demais fieis da

prelatura. As numerarias auxiliares adícanse principalmente á atención dos traballos domésticos das sedes dos centros da prelatura, como a súa actividade profesional ordinaria.

Os cregos da prelatura proveñen dos fieis laicos do Opus Dei: numerarios e agregados que, libremente dispostos a ser cregos e despois de anos de pertenza á prelatura e de realizar os estudos previos ao sacerdocio, son invitados polo prelado a recibir as sagradas ordes. O seu labor sacerdotal desenvólvese principalmente ao servizo dos fieis da prelatura e das actividades apostólicas promovidas por eles.

## **AMBIENTE DE FAMILIA**

Unha característica da fisonomía do Opus Dei é o ambiente de familia cristiá. Ese tono familiar está presente en todas as actividades que organiza a prelatura. Materialízase tamén na calor de fogar dos seus

centros, na sinxeleza e confianza no trato, e nas actitudes de servizo, comprensión e delicadeza na vida cotiá que se procuran vivir sempre.

## **ALGÚNS DATOS**

Forman parte da prelatura máis de 87.000 persoas, das que en torno a 1.900 son cregos. Do total de fieis, arredor da metade son mulleres e a metade homes. A distribución por continentes é, aproximadamente, a seguinte:

**África:** 1.800

**Asia e Oceanía:** 4.800

**América:** 29.400

**Europa:** 49.000

gl-es/article/persoas-do-opus-dei/  
(24-03-2025)